

Trámite: Informe final da Secretaría Xeral da Presidencia

Norma: Anteproxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual

Antecedentes

1. Contido: o obxecto do anteproxecto de Lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital concrétase na regulación dos servizos que prestan os medios públicos de comunicación audiovisual de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia no marco da sociedade dixital e que configuran o servizo público de comunicación audiovisual da comunidade autónoma. Ademais, contén a definición deste servizo público e o acordo formal da súa prestación en réxime de xestión directa, a través dos medios públicos de comunicación audiovisual que se integran na Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, así como o ámbito do servizo.

2. Tramitación: na tramitación deste anteproxecto de lei cúmplíronse os trámites que a seguir se relacionan, todo isto de conformidade coa normativa legal e regulamentaria de aplicación:

➤ **Consulta pública previa:** En cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante Lei 39/2015, do 1 de outubro), con carácter previo á elaboración do anteproxecto, substanciouse unha consulta a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto co obxecto de recabar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma. Durante o período comprendido entre o 03/05/2024 e o 18/05/2024 expúxose publicamente a proposta normativa e recibíronse 4 achegas/opiniós, aínda que unha baleira de contido, que foron obxecto de estudo e análise por parte da Secretaría Xeral de Medios como así se recolle na memoria desta secretaría do 18/07/2024. Tivéronse en conta e incluíronse no anteproxecto certos aspectos relativos á universalidade no acceso ao servizo de comunicación audiovisual, non discriminación das persoas con discapacidade, promoción da igualdade entre homes e mulleres, protección da xuventude e da infancia, o emprego da lingua galega, a identidade cultural e lingüística de Galicia, a autorregulación e corregulación no ámbito específico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, o carácter público da corporación e as garantías do cumprimento pola corporación da misión de servizo público. Non obstante, non se incluíron cuestións que

desbordan o obxecto da nova lei e que terían mellor acomodo nunha futura Lei do audiovisual de Galicia ou que non son obxecto directo desta lei como a estabilización do cadro de persoal da Corporación de Servicios Audiovisuais de Galicia.

➤ **Certificación do Consello da Xunta** do 29/08/2024 polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei.

➤ **Elaboración do anteproxecto de lei** e da seguinte **documentación** que o acompaña:

- Acordo de inicio do secretario xeral de Medios do 29/07/2024 de conformidade co artigo 6.1 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia (en adiante, Decreto 111/1984, do 25 de maio).
- Memoria xustificativa do 29/07/2024 sobre a legalidade, acerto e oportunidade, así como sobre a adecuación da iniciativa aos principios previstos nos artigos 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e no 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Memoria económico-financeira do 29/07/2024 de acordo co sinalado no artigo 12. un e dous da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas axustada ao modelo da Orde de 3 de marzo de 2011.
- Táboa de vixencias do 29/07/2024 de conformidade co artigo 6.3 do Decreto 111/1984, do 25 de maio.
- Resolución de aprobación inicial do secretario xeral de Medios do 29/07/2024.

➤ **Informe xurídico do Servizo Técnico-Normativo** do 29/07/2024.

➤ **Realización dos trámites de información pública e audiencia:**

- Trámite de información pública do anteproxecto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno de Galicia. A publicidade tivo lugar durante o período comprendido entre o 29/07/2024 e o 22/08/2024.

- Trámite de audiencia:

Deuse traslado do anteproxecto ás secretarías xerais técnicas de todas as consellerías, así como audiencia á seguinte relación de interesados:

- 1- Radio Popular, SA Cadena Cope
- 2- Sociedad Española de Radiodifusión, SL
- 3- Uniprex SAU,
- 4- Atlántico Diario (Rias Baixas Comunicación, SA)
- 5- El Ideal Gallego -(Editorial La Capital, SL)
- 6-El Progreso de Lugo (Sar Comunicacóns XXI, SL)
- 7- La Voz de Galicia, SA
- 8- La Región, SA
- 9- Galiciaé (Sar Comunicacóns XXI, SL)
- 10- Castelao Pictures, SL - B65279911
- 11- Comercial Multimedia Vocento, SA
- 12- Corporación de TV de Galicia, SAU
- 13-Corporación Radio Televisión Española, SA
- 14- Atresmedia Corporación de Medios de Comunicación
- 15- Televes, SA
- 16- Cellnex Telecom, SA
- 17- Axión, Infraestructura de telecomunicaciones, SA
- 18- Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, SA
- 19- Telefónica de España, SAU
- 20- R Cable y Telecable Telecomunicaciones, SA
- 21- Orange Espagne, SAU
- 22- Vodafone España, SAU
- 23- Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
- 24- Unión General de Trabajadores de Galicia
- 25- Confederación Intersindical Galega
- 26- Confederación Empresarios de Galicia
- 27- Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia
- 28- Asociación Española de usuarios de las telecomunicaciones y de la sociedad de la información
- 29- Emisoras Municipais Galegas
- 30- Asociación Galega de Productoras independientes
- 31- Asociación de empresas galegas do audiovisual (aega)
- 32-Fundac. P. galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

- 33- Federación Galega de Municipios e Provincias
- 34- Fundación Galicia Europa
- 35- Departamento de Relacións Institucionais- Amtega
- 36- Consello da Cultura Galega
- 37- Concello de A Coruña
- 38- Concello de Santiago de Compostela
- 39- Concello de Lugo
- 40- Concello de Ourense
- 41- Concello de Vigo
- 42- Concello de Ferrol
- 43- Deputación Provincial de A Coruña
- 44- Deputación Provincial de Lugo
- 45- Deputación Provincial de Ourense
- 46- Deputación provincial de Pontevedra
- 47- Universidade de Santiago de Compostela
- 48- Universidade de A Coruña
- 49- Universidade de Vigo
- 50- Facultade das Ciencias da Comunicación (USC)
- 51- Escuela de Inxeñería Industrial (Vigo)
- 52- Escola de imaxe e Son de A Coruña
- 53- Escola de imaxe e Son de Vigo
- 54- Escola de imaxe e Son de Lugo
- 55- Academia Galega do Audiovisual
- 56- Asociación Clúster do Audiovisual Galego

Recibíronse un total de 16 alegacións. O estudo e análise das observacións recibidas recóllense no Informe sobre as alegacións e Anexo emitido con data 17/10/2024 polo secretario xeral de Medios.

➤ **Emisión dos informes de impacto demográfico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica; da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio; de impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade; de sustentabilidade da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico; e da Dirección Xeral Emprego Público e Administración de Persoal:**

- Avaliación de impacto demográfico do centro executor da norma, neste caso, a Secretaría Xeral de Medios, de data 11/09/2024; e Informe de observacións á análise de impacto demográfico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia. O informe emitiuse con data 27/09/2024.
- Informe sobre o impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, de conformidade co artigo 22 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. O informe emitiuse con data 11/10/2024.
- Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, emitido con data 06/11/2024.
- Informe de sustentabilidade da dirección xeral competente en materia de orzamentos, segundo o establecido no artigo 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. O informe emitiuse con data 07/11/2024.
- Informe da Dirección Xeral Emprego Público e Administración de Persoal, de conformidade co disposto no artigo 7.2 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia. O informe emitiuse con data 20/11/2024.

➤ **Memoria sobre as modificacións introducidas a consecuencia dos informes emitidos** de data 21/11/2024.

➤ **Memoria da non necesidade de solicitude do ditame do Consello Económico e Social** emitida con data 21/11/2024. O Acordo do Consello da Xunta na súa reunión do 18 de febreiro de 1999 aclara que deberá entenderse por materias socioeconómicas, as relativas á economía, fiscalidade, emprego e seguridade social, asuntos sociais, agricultura e pesca, educación e cultura, saúde, consumo, medio ambiente, transporte e comunicacións, industria e enerxía, vivenda e mercado único europeo, non atopándose mencionada de forma directa a materia dos medios de comunicación audiovisual que constitúen o obxecto deste Anteproxecto de lei, no eido de ningunha delas.

- **Emisión de informe da Asesoría Xurídica Xeral**, de conformidade co establecido nos artigos 8 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1 a) do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo e no artigo 8 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público. O informe emitiuse con data 22/11/2024.

Consideracións

1. Este informe final da Secretaría Xeral Técnica emítese en cumprimento do disposto no artigo 7.1 do Decreto 11/1984, do 25 de maio.

2. A tramitación da norma axustouse na súa totalidade á esixida polas normas legais e regulamentarias de aplicación de disposicións legislativas.

3. A competencia da Administración Autonómica e dos concretos órganos intervinientes, a adecuación á normativa vixente e o acerto e oportunidade da norma quedan xustificadas, como así consta acreditado no informe xurídico de data 29/07/2024.

4. As alegacións recibidas froito do trámite de información pública no Portal de Transparencia e de audiencia foron asumidas ou non, xustificadamente, nos concretos termos do Informe sobre alegacións e Anexo, emitido con data 17/10/2024.

5. Os diferentes informes da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade e da Dirección Xeral Emprego Público e Administración de Persoal teñen sentido favorable e non conteñen observacións que incorporar ao texto do anteproxecto.

A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio emite informe favorable e suxire que se valore a posibilidade de non esixir o informe emitido pola Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para os efectos de que o Consello de Administración poida resolver as solicitudes de autorización ou recoñecemento de compatibilidade dos seus propios membros.

Dita suxestión, que é valorada na memoria da Secretaría Xeral de Medios do 21/11/2024, non foi considerada polas seguintes razóns:

Nada impide que unha lei autonómica, do mesmo rango que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, estenda todos ou algúns aspectos do réxime dos altos cargos a outras persoas.

Por outra banda, na memoria emitida pola Secretaria Xeral de Medios aclaran que se modificou a redacción inicial do artigo 45 do anteproxecto de lei coa finalidade de regular con maior precisión e claridade o réxime aplicable ao persoal de alta dirección e o persoal directivo profesional. Este precepto, cuxo título pasa a ser *"Persoal de alta dirección e persoal directivo profesional"*, queda dividido en cinco números que diferencian entre o réxime aplicable ao persoal de alta dirección da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, remitíndose a estes efectos ao disposto no artigo 1.2 do Real Decreto 1382/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección, e o réxime aplicable ao persoal directivo profesional da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, que se recolle nos números 2, 3, 4 e 5, e que se diseña tendo en conta os principios reitores do acceso ao emprego público, consonte ao disposto na disposición adicional primeira do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

6. O informe de Asesoría Xurídica Xeral conclúe que o anteproxecto enmárcase nas competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e axústase ao bloque de constitucionalidade, acomodándose a súa parte expositiva e dispositiva á técnica xurídica e normativa.

De acordo co indicado, considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se

Acorda:

Informar favorablemente este anteproxecto de lei.